



Concello de Vilaboa

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL MEDIANTE CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRACTICA PROFESIONAL PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VILABOA

Antecedentes

As bases do proxecto denominado de Programa "+EMPREGA NOS CONCELLOS para financiar contratos formativos nos concellos da provincia de Pontevedra 2024/2025" foron publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 152, do 06/08/2024 e teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e a determinación do nivel de estudos dos 128 postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo, así como o desenvolvemento destas bases, que regularán as relacións entre a Deputación de Pontevedra e as entidades colaboradoras.

O programa "+EMPREGA NOS CONCELLOS" ten como principal obxectivo promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia a través da creación de emprego de calidade e do fomento da empregabilidade da cidadanía

Este novo programa de emprego dálles continuidade aos programas de fomento da empregabilidade desenvolvidos pola Deputación de Pontevedra durante os dous anos anteriores (2021-2023) e está en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 1, 8 e 10 (Fin da pobreza, Traballo decente e crecemento económico, e Redución das desigualdades).

O programa presenta dous eixes de actuación:

- Eixe 1, impulso ao emprego.
- Eixe 2, fomento do emprego inclusivo.

Dentro do eixe 1 formúlase, entre outros, o proxecto "+EMPREGA NOS CONCELLOS", que ten por obxecto dotar as mozas e mozos desempregados e, en xeral, as persoas desempregadas da provincia, mediante un contrato de traballo, dunha primeira experiencia profesional para que adquiran competencias e habilidades sociais e profesionais, empatía, creatividade, dotes de liderado e capacidade de adaptación, entre outras, relacionadas coa actitude da persoa traballadora.

Este proxecto desenvolverase en consonancia co establecido no Real decreto lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, no que se regulan, entre outras, as condicións do contrato formativo para obter a práctica profesional axeitada ao nivel de estudos

1.- OBXECTO.-

As presentes bases regularán o proceso selectivo que convoque o Concello de Vilaboa para a contratación laboral temporal, na modalidade de contrato formativo derivado da concesión da axuda pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra do 27/09/2024, ao Concello de Vilaboa como entidade colaboradora do proxecto "+EMPREGA NOS CONCELLOS" nos concellos da provincia de Pontevedra 2024/2025 no marco do impulso ao emprego.

Concello de Vilaboa





Concello de Vilaboa

Titulacións das persoas a contratar:

- Titulación persoa técnica en Medio ambiente – A2: Grao en Ciencias Ambientais, Bioloxía, Enxeñería Técnica Forestal, Agraria ou equivalente
- Título de Técnico Xestión Administrativa. (ciclo superior de Administración e Finanzas ou equivalente)

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na sede electrónica do Concello de Vilaboa <https://vilaboa.sedelectronica.es/board>

2.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA ENTIDADE SOLICITANTE DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

A persoa traballadora estará vinculada á entidade solicitante, mediante a modalidade de contrato de traballo, código 420, terá carácter temporal, cunha duración máxima de 12 meses a xornada completa.

Os aspirantes seleccionados serán beneficiarios dun contrato formativo a xornada completa polo Concello de Vilaboa, ao abeiro da axuda concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra do Proxecto “+ Emprega nos concellos”, que non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación Provincial de Pontevedra .

A selección e a contratación realizarase, de acordo co establecido nas bases do Proxecto “+ Emprega nos concellos” da Deputación Provincial de Pontevedra. (BOP nº 152 de 06/08/2024).

A contratación se realizará por un período máximo de doce meses.

3- RETRIBUCIÓN

As retribucións brutas (incluídos tódolos conceptos e complementos salariais, e prorrata de paga extraordinaria) dos traballadores contratados polo Concello de Vilaboa ao abeiro do programa de fomento da empregabilidade “+EMPREGA NOS CONCELLOS” da Deputación Provincial de Pontevedra, serán o 70% dun posto equivalente na RPT do Concello:

- Título A2: Grao en Ciencias Ambientais, Bioloxía, Enxeñería técnica Forestal, Agraria ou equivalente : 1910,91 € brutos mensuais
- Título de Técnico Xestión Administrativa 1465,04 € brutos mensuais

4.- ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE

Tendo en conta que as presentes Bases se establecen ao abeiro da bases BOPPO (BOP nº 152 de 06/08/2024) no que indican que os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, outórgase un prazo de 5 días naturais dende a publicación das presentes bases para que os interesados poidan solicitar a súa inclusión.

Rematado o prazo, se recibe a concesión da subvención da Deputación Provincial, o Concello

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

solicitará a oferta na oficina pública de emprego dos aspirantes admitidos.

A oficina de emprego comunicará ás persoas candidatas o lugar, día e hora no que deberán presentar a documentación para valoración méritos

5.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Os contratos formativos poderán concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que estean en posesión dunha titulación universitaria ou dun título de grao medio ou superior de formación profesional ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.

b) Que estean inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

c) Que estean empadroadas nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra antes da data de publicación da propia convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

d) Que, no momento da contratación, non transcorresen máis de tres (3) anos, ou máis de cinco (5) cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos

e) Que non tivesen experiencia profesional nin realizasen ningunha actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres (3) meses, sen que se computen, para estes efectos, os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para obter a titulación que habilita esta contratación.

f) Que non estean contratadas en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

g) Non ter sido contratada na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.

2. Así mesmo, as entidades deberán cumprir os requisitos esixidos no punto primeiro do artigo 1 do mencionado Real decreto lei 32/2021 polo que se modifica o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, que modifica o artigo 11.

6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.-

O Tribunal de selección estará integrado por 5 empregados públicos

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política ou o

Concello de Vilaboa





Concello de Vilaboa

persoal eventual.

6.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso, Anexo III bases publicadas BOP nº 152 de 06/08/2024

CONCURSO (10 puntos)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

O proceso de selección consistirá en valorar os méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especificase, valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para obter outras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos. Estes computaranse do seguinte xeito:

— De máis de 150 horas de duración: 0,30 puntos por curso.

— De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

— De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

— De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.

— De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

— Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio, ou Celga 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos.

Non se terán en conta os certificados ou os diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

Concello de Vilaboa





Concello de Vilaboa

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) e teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

O enlace á web do Ministerio de Cultura onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte:

<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e na hora que sinala o Concello ao transmitir a oferta á oficina de emprego Pontevedra- Bisbarra.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes, a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos nos que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o citado precepto non resultase aplicable ou persistise o empate tras a súa aplicación, este resolverase en función da nota media global do expediente académico e, de continuar este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse na Sede electrónica ou na web do Concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na Sede electrónica ou na páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para cada posto de traballo ofertado

8.- PROPOSTA DE SELECCIÓN

A/O presidenta/e do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde- Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicárase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vilaboa e na sede electrónica do Concello de Vilaboa <https://vilaboa.sedelectronica.es/board>

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados .

Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran a resolución do proceso selectivo a favor de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, e despois da contratación o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos,

No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma

No caso de vacante in fine sobrevida, o Concello optará entre deixala vacante ou realizar novo chamamento conforme á orde de prelación das persoas non seleccionadas

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Vilaboa a seguinte documentación no seguinte día hábil ao da notificación.

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Acreditación de ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Público de Emprego).
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria
- g) Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria.

Salvo causa xustificada, a non presentación da documentación equivale á renuncia á praza.

10.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na seguinte normativa:

- RDL 32/2021
- RDL 5/2015
- RDL 2/2015

11.- RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Vilaboa, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Vilaboa, 22 de outubro 2024
O alcalde, Cesar Poza Gonzalez

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387

